

O Couto Mixto: Autogoberno, fronteiras e soberanías distantes

The Couto Mixto: Self-government, border lines and distant sovereignties

Álvaro Xosé LÓPEZ MIRA

Universidade de Vigo
Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e
da Administración e Filosofía
almira@uvigo.es

[Recibido, decembro 2007; aceptado, febreiro 2007]

RESUMO

Neste artigo abórdanse sumariamente algúns aspectos sociopolíticos dunha entidade organizativa do século XIX, xa desaparecida, situada na *raia seca* galego-lusa, denominada Couto Mixto. Unha potencial, talvez idealizada, Andorra galego-portuguesa, microcosmos da *Gallaecia*, que resultou abortada en 1864 polos Estados español e portugués de común acordo, pero que ten suscitado un renovado interese nos últimos tempos por mor dunhas peculiares características que ben poderían servir de modelo para a innovación das cansadas democracias representativas europeas de comezos do século XXI.

PALABRAS CHAVE: Soberanía, fronteira, estado, centralismo, Couto Mixto, participación, autogoberno, democracia directa.

LÓPEZ MIRA, Álvaro Xosé (2008): “O Couto Mixto: Autogoberno, fronteiras e soberanías distantes”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 35-39.

RESUMEN

En este artículo se abordan sumariamente algunos aspectos sociopolíticos de una entidad organizativa del siglo XIX, ya desaparecida, ubicada en la *raya seca* gallego-portuguesa, denominada Couto Mixto. Una potencial, tal vez idealizada, Andorra gallego portuguesa, microcosmos de la *Gallaecia*, que resultó abortada en 1864 por parte de los Estados español y portugués de común acuerdo, pero que ha suscitado un renovado interés en los últimos tiempos, debido unas peculiares características que, acaso, podrían servir de modelo para la innovación de las cansadas democracias representativas europeas de principios del siglo XXI.

PALABRAS CLAVE: Soberanía, frontera, estado, centralismo, Couto Mixto, participación, autogobierno, democracia directa.

LÓPEZ MIRA, Álvaro Xosé (2008): “El Couto Mixto: Autogobierno, fronteras y soberanías distantes”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 35-39.

ABSTRACT

This study is focused on some socio-political issues regarding an organizational entity that dates from 19th century. This organization, now defunct, is located in the Galician-Portuguese *raia seca* (land border between Galicia and Portugal) called *Couto Mixto*. We are referring to one potential, perhaps idealized, Galician-Portuguese Andorra —microcosm of the old Gallaecia Kingdom— which was aborted in 1864 by Spanish and Portuguese governments within the framework of a mutual agreement. In recent years, this particular organization has attracted renewed interest because it presents peculiar features which could serve as a model for the innovation of the “tired” European representative democracies of the early 21th century.

KEY WORDS: overeignty, border line, state, centralism, Couto Mixto, political participation, self-government, direct democracy.

LÓPEZ MIRA, Álvaro Xosé (2008): "The Couto Mixto: Self-government, border lines and distant sovereignties". *Madrygal (Madr.)*, 11: 35-39.

SUMARIO: 1. Breve introdución: As orixes. 2. Unha utopía anacrónica. 3. O contexto histórico. 4. O dereito de participación política dos cidadáns dos Mistos. 5. Conclusión: A ucronía do Couto Mixto. 6. Referencias bibliográficas.

1. BREVE INTRODUCCIÓN HISTÓRICA

A mediados do século XIX (concretamente, en 1855), a fronteira hispano-portuguesa, na súa extensa franxa galega, estaba sen clarificar en varios extremos da mesma, tanto na *raia húmida* como na *raia seca* e, de xeito destacado, no territorio chamado Couto Mixto que, aínda nesta altura, gozaba dun estatus que se podería considerar como de certa soberanía propia, xa que non se adscribía, estritamente falando, á de ningún dos dous Estados ibéricos; de aí que, nesa data, se considerase necesaria a creación dunha Comisión Mixta de Límites, destinada a repartir o devandito territorio entre ambos.

De orixe medieval, reunía a "Terra dos Mistos" moitos dos caracteres intrínsecos dun Estado independente: un territorio ben delimitado, unha poboación e, de xeito sobranceiro, uns dereitos xenuínos e exclusivos da mesma, un Goberno propio e unha serie de privilexios dos que non gozaban os habitantes das parroquias colindantes, aínda que por suposto non había gardas nin postos fronteirizos. Realmente, constituía unha situación excepcional naquel tempo histórico, só explicable pola desidia dos gobernos español e portugués cara a aquelas zonas tan periféricas dos seus respectivos territorios estatais; velaí polo que, cando se tomou a decisión final; pouca capacidade de resistencia lles podía restar aos moradores daquelas pequenas aldeas que integraban o Couto. En 1864, coa sinatura do Tratado de Límites hispano-luso ou Tratado de Lisboa, consumouse a entrega deses retallos territoriais que tiveron vida propia e características singulares, e que iniciaron a súa decadencia ao pasar a maior parte dos mesmos a someterse á soberanía espa-

ñola na división administrativa da provincia de Ourense, correspondéndose na actualidade cos lugares de Santiago, Rubiás e Meaus, os dous primeiros pertencentes ao concello de Calvos de Randín, e o terceiro ao de Baltar. En conxunto o territorio do Couto abrangía unha superficie aproximada de 2.695 hectáreas e unha poboación que oscilaba entre os 600 e os 1.000 habitantes.

2. UNHA UTOPIA ANACRÓNICA

Cando o Couto Mixto desapareceu *de iure* en 1864, os Estados español e portugués tentaban avanzar, moi devagariño e irregularmente, polo sendeiro (soberanía nacional, división de poderes, dereitos dos cidadáns, etc.) que trazaran case un século antes os enciclopedistas e ilustrados franceses (os "filósofos"), plasmado parcialmente na Revolución de 1789, logo exportada ao resto de Europa. Así, por poñer un caso, a cuestión de residenciar a soberanía, é dicir o poder, na nación a través de representantes, non estaba demasiado clara pola resistencia das vellas elites dominantes españolas e lusas a perder, inda que fose minimamente, o control político. Pola contra, aspectos como o estatismo, a centralización político-administrativa ou a fronteira como límite inmutable (aínda que expansible mediante a guerra) da soberanía (como sinónimo de supremacía: ningún poder por riba, ningún poder por baixo) estatal, eran principios que non admitían dúbida ningunha a estas alturas da historia de ambos países.

Nos dous supostos, a falta evidente de eficacia dos respectivos centralismos (a diferenza, por exemplo, do moi eficiente modelo francés), ou, se se prefire, a ausencia de directrices políticas de dous Estados carentes de peso específico, por dicilo suavemente, na escena política internacional; faltos de modelo sociopolítico interno, á parte do relativo a frear, de xeito represivo, calquera troco que outorgase protagonismo aos novos actores políticos que se debuxaban xa, nesta altura, de maneira incipiente como froito da lene e lenta aparición en ambos de elementos propios da revolución industrial; entre outros factores, estes caracteres foron algunhas das razóns principais de que se precipitase a desaparición dun elemento distorsionante en tal deseño, o cal, probablemente, se mantivo co seu propio estatus tanto tempo por descoñecemento por parte das distantes capitais estatais.

Pero cando tal *irregularidade* se puxo de manifesto, non existiu a menor vacilación á hora de

extinguíala tan rapidamente como fose posible, sen ningún tipo de consideración cara aos habitantes daquelas afastadas terras, polos cales nunca se interesaran, nin antes nin despois. Paradoxalmente, xa que logo, esa mala vertebración territorial e administrativa dos Estados español e portugués, sobre todo do primeiro, permitiu a pervivencia do Couto Mixto ata 1864 e motivou tamén a súa desaparición, en contraposición con casos como o de Andorra e outros microestados europeos. Certo é, de xustiza parece dicilo, que tampouco se constatan noticias de grandes resistencias por parte dos seus moradores contra a partición das súas terras entre as soberanías española e lusa e, por conseguinte, a trazar unha nova e imaxinaria fronteira.

Non podía resultar aceptable para os gobernantes dos dous Estados ibéricos que se mantivese un residuo de orixe medieval como era o Couto Mixto, o cal conservaba moitos dos caracteres intrínsecos dun Estado independente: un territorio ben delimitado, unha poboación e uns dereitos peculiares e exclusivos da mesma, xunto cun Goberno elixido por eles e uns habitantes cunha serie de privilexios ou dereitos dos que non gozaban, nin moito menos, os das parroquias ou freguesías lindeiras. Estaba fóra do seu tempo histórico, fose por antigüidade, fose por exceso de modernidade; unha República politicamente autónoma e con perigosos residuos democráticos, non resultaba un modelo aplicable e mesmo podía ser un mal exemplo.

3. O CONTEXTO HISTÓRICO

Os dous Estados atoparon unha época de relativa paz nos cadanseus convulsos séculos dezanove cara á metade do mesmo. O remedo político da Unión Liberal de O'Donnell alternándose no goberno co maníaco-depresivo Narváez —ambos xenerais¹—, no caso español entre 1856 e 1868, con *heroicas* incursións neoimperialistas ata a Indochina no exterior, e unha forte represión interior, pero que permitiron a existencia dun lexislativo medianamente estable (cinco anos), como non se coñecera antes. En Portugal, unha certa paz civil tralo golpe militar de Saldanha en 1851, e a relativa actualización da Constitución de 1826 coa Acta Adicional de 1852, facilitaron unha

cohesión entre as faccións políticas e a estrutura institucional do Estado e, asemade, un cativo desenvolvemento económico². Consecuentemente, as circunstancias parecían propicias para dedicarse a problemas irresoltos de índole menor, como o definitivo trazado das fronteiras en zonas confusas, como o suposto que nos ocupa.

Certo é que tamén se podería considerar un problema importante en certa medida, porque do que se trataba no fondo era de consolidar uns Estados-nación máis compactos que ata ese momento; algo que resultaba especialmente dificultoso no caso español pola renovada vitalidade de culturas diferenciadas no seu seo que non eran demasiado proclives a tolerar o gradual e agresivo centralismo unitarista do Estado en derredor de Castela. De calquera maneira, as directrices e as políticas centralizadoras e unitaristas comezan a desenvolverse con maior eficacia, por exemplo en materias como o ensino, as obras públicas nas redes viaria e ferroviaria, facenda e fiscalidade, un ordenamento xurídico común ou una paulatina industrialización e desenvolvemento do comercio con medidas dirixidas desde as capitais políticas, desde o centro, aínda que con moito atraso en comparación con países como Gran Bretaña ou Francia. En materia de centralización e unitarismo estatal, é dicir, de organización territorial, os liberais decimonónicos, fosen progresistas ou moderados, españois ou portugueses, non se diferenciaron en case nada. Aceptaron un certo cambio político, con máis retrocesos que avances, pero nunca un cambio social.

4. O DEREITO DE PARTICIPACIÓN POLÍTICA DOS CIDADÁNS DOS MISTOS

Dos abondosos dereitos exclusivos que posúan os habitantes do Couto Mixto (fiscais, administrativos, económicos, comerciais, persoais, etc.), un dos máis atractivos era precisamente o referido á participación política, xa que conservaba numerosos caracteres propios da acción popular directa (elección democrática dos cargos, concello aberto, revogación dos electos, etc.) que tamén existían en moitas parroquias do ámbito territorial da antiga *Gallaecia* e que, con posterioridade, se perderon baixo a uniformización organizativa local

¹ Como é sabido, os militares foron os árbitros da política española durante a práctica totalidade do século XIX (e tamén do seguinte).

² Cfr. María Manuela Tavares Ribeiro: "El nuevo orden liberal", en Hipólito de la Torre Gómez (editor): *España y Portugal. Siglos IX-XX. Vivencias históricas*, Madrid, Síntesis, 1998, p. 205.

española e, menos drasticamente, en Portugal, onde permaneceron as freguesías.

O dereito de participación dos poboadores dos Mistos era, xustamente, unha mestura entre o que na efervescencia revolucionaria francesa se denominou *democracia radical*³ e algunhas reminiscencias medievais. Salientaremos, unicamente e de modo sumario, tres aspectos desta cuestión. En primeiro termo, atopámonos co feito de que a participación para elixir representantes dos pobos, tanto os homes de acordo dos tres citados como ou Xuíz ou Alcalde da totalidade do Couto, vencellábase aos cabezas ou gobernantes de cada morada, de cada familia, algo perfectamente normal nun contexto histórico de absoluto predominio do sufraxio censitario ou restrinxido e, por suposto, exclusivamente masculino. Cabería mencionar como, por poñer un exemplo comparativo, a progresista Constitución de Cádiz de 1812 establecía un sufraxio indirecto en cuarto grao (ben menos democrático que o directo do Couto), ou como non sería ata 1890 que se universalizaría no Estado español o sufraxio masculino⁴ e ata 1933 o feminino⁵. Case ousariamos afirmar que era un modelo político-participativo sumamente avanzado para o seu tempo histórico.

Por outra parte, en segundo lugar, a existencia no Couto da figura de democracia directa denominada revogación ou *recall* (volver chamar á votación), caracterizada pola posibilidade de cambiar aos representantes electos, por parte dos seus electores, antes de finalizar o seu mandato (lexislatura, en terminoloxía actual) se estes detectaban un mal cumprimento no desempeño das funcións para as que foron elixidos, fórmula enraizada nas vellas teorías da representación medieval que hoxe sobreviven residualmente, aínda que, ás veces, con considerable impacto, como aconteceu hai poucos anos coa revogación do Gobernador do Estado norteamericano de California. Esta arcaica institución está vetada expresamente polos contemporáneos e vixentes textos constitucional español ou estatutario galego (prohibición do mandato

imperativo), o que non deixa de resultar curioso e levarnos a preguntármonos, sen darmos resposta neste contexto, acerca das posibles razóns de tales temores contemporáneos diante de tan vedraño mecanismo de democracia directa.

En terceiro lugar, por fin, habería que subliñar no modelo sociopolítico dos Mistos o emprego desoutra figura de democracia directa denominada *concello aberto*, *parroquia aberta* ou a toque de campá ou, simplemente, *concello*, no cal as decisións para o goberno das comunidades eran tomadas na praza pública ou nesoutra *ágora* que é o adro da igrexa por parte da totalidade dos veciños, é dicir, o autogoberno ideal, a democracia idiosincrática, perfecta. Estaba esta institución relativamente ben arraigada na tradición galega, atopándose en especial documentada na comarca da Limia que, curiosamente, bordea o Couto. Resulta, ademais, natural e ata lóxica, nun ecúmene como o galego polo grande espallamento da súa poboación en múltiples núcleos de asentamento non demasiado grandes, factor que viabiliza a implementación dun modelo desta índole. Sen embargo, a uniformista mentalidade dos liberais españois que impuxo idéntico réxime de goberno local (municipios e provincias) en todo o territorio estatal, sen considerar as abraiantes diferencias previamente existentes do asentamento poboacional das comunidades⁶, do modo de ser da convivencia local dos homes, impediu en Galicia o desenvolvemento da súa tradicional organización en parroquias e, por conseguinte, o concello aberto como réxime de autogoberno desas entidades biseculares⁷.

5. CONCLUSIÓN: A UCRONÍA DO COUTO MIXTO

Como indicabamos, o Couto Mixto supón —supuña— un modelo político antitético da máis exitosa organización política das comunidades humanas desde o principio dos tempos ata

³ Teño criticado a nada inocente carga eufemística que arrastra esta expresión. Precisamente “radical”, etimoloxicamente, implica ir á raíz, polo que ningunha democracia consecvente pode ser nunca demasiado radical senón, sinxelamente, posuír matices de maior ou menor autogoberno dun pobo capaz de controlar os seus propios destinos.

⁴ Coa breve paréntese previa do Sexenio revolucionario.

⁵ Aínda sería peor en Portugal onde as mulleres, sen formación, non poderían votar ata 1976.

⁶ De feito, no territorio galego debeuse excepciónar a lexislación das Cortes para a implantación de concellos constitucionais que estipulaba que “a cada pueblo su Ayuntamiento” o que, de se cumprir literalmente, levaría ao establecemento de máis de trinta mil, cousa obviamente imposible. *Vid.* a nosa obra *Un modelo de organización territorial para Galicia*, Madrid, UNED, 2000.

⁷ Como indicaba Castelao, a parroquia galega foi cristianizada pola Igrexa “e aínda non civilizada pol-o Estado, porque a Eirexa procurou asentarse en realidades terreas e o Estado anda pol-o ceo das abstraicións”. *Sempre en Galiza*, Madrid, Akal, 1980, 3.ª ed., p.118.

a actualidade: o Estado, cando menos tal e como se implantou na realidade, moi afastado dos elevados e encomiables principios participativos que defendían algúns enciclopedistas como Rousseau. E é que nesas terras todos os sacros postulados inmanentes á organización política estatal se relativizaban. As fronteiras, tan intocables elas como límites que son da soberanía, eran tremendamente flexibles no Couto; os seus moradores non precisaban de gardas, alfándegas ou exércitos para velar polos seus dereitos e liberdades; os Estados limítrofes si. O poder tamén era relativo en comparación co poder absoluto, único e monopolista que pretenden exercer todos os Estados (xustificando dende a soberanía de orixe divina ata a máis moderna razón de Estado e a eufemística expresión vixente do interese xeral); estaba dividido e disperso, como quería Montesquieu, para atemperar os excesos intrínsecos a todo poder. A xustiza era comunemente aceptada por todos, case consensuada, e non distante do cidadán de a pé por causa da súa hiperbólica liturxia. E se falamos de igualdade, de participación política ou de democracia as diferenzas acentúanse esaxeradamente; nun tempo histórico de total falseamento da representación política a través do instrumento do sufraxio censitario (extremadamente restrinxido nos Estados español e portugués daquela), en virtude do cal só tiñan dereito de participación política os propietarios importantes, no Couto podían votar para elixir os cargos electivos dos pobos todos os cabezas de cada familia, de cada casa, e mesmo cabía a posibilidade de revogar, de trocar, aos representantes electos antes da

finalización do seu mandato se os electores detectaban un mal cumprimento das súas funcións e así o facían notar.

Non cabe ningunha dúbida de que, coas eivas propias do seu momento histórico, o modelo sociopolítico do Couto Mixto estaba moito máis achegado á democracia ideal rusioniana que os pseudomodelos parlamentarios representativos español e portugués do século XIX. Ademais, era unha democracia máis social, máis preto do consenso e da participación de todos os implicados nos asuntos que lles afectaran, máis autónomo como territorio e dando autonomía aos seus compoñentes individuais, máis libre e autodeterminado. A partición do Couto —en realidade, a súa desaparición— quebrou de raíz calquera posibilidade de desenvolvemento destes ideais; volveuse atrás no tempo ao embarcarse obrigadamente nun ideal de mentalidade xacobina, racionalista e abstracto, estatista, centralista e centralizadora, militarista e uniformizadora en dobre sentido, cunha desconfianza mutua e recíproca entre Administración e *administrados* (corrupción do cidadán da Revolución francesa) que estableceu un réxime de inimidade latente que, non poucas veces, estalou con violencia ao longo dos posteriores anos.

Luís García Mañá⁸ e nós mesmos ao seu abeiro, ten sinalado, con grandes doses de atinada intuición investigadora, ao Couto como a República ideal; de aí talvez o seu esquecemento ata hai ben pouco. E probablemente, non sería ousado en demasía consideralo como un microcosmos do que tamén puido ser Galicia, *Gallaecia*, se a historia do noso país se escribise de novo e a redactásemos nós.

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- GARCÍA MAÑÁ, Luís (2000): *Couto Mixto. Unha república esquecida*. Vigo: Universidade de Vigo.
 LÓPEZ MIRA, Álvaro Xosé (2000): *Un modelo de organización territorial para Galicia*. Madrid: UNED.
 LÓPEZ MIRA, Álvaro Xosé (1998): *A Galicia irredenta*. Vigo: Xerais.
 RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel (1980): *Sempre en Galicia*. Madrid: Akal, 3ª ed.
 TAVARES RIBEIRO, María Manuela (1998): “El nuevo orden liberal” en Hipólito de la Torre Gómez (editor): *España y Portugal. Siglos IX-XX. Vivencias históricas*. Madrid: Síntesis.

⁸ *Couto Mixto. Unha república esquecida*, Vigo, Universidade de Vigo, 2000.